

Procedemento: Subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego (código de procedemento CT207E).

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 6 de marzo de 2024, no Diario Oficial de Galicia número 47, publícase a Resolución do 22 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego do ano 2024 (código de procedemento CT207E).

2. O artigo 14 desta convocatoria recolle que para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha Comisión de Valoración, nomeada pola dirección da Agadic, que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes conforme aos criterios fixados polas bases. O artigo especifica que a Comisión estará constituída por dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, unha das cales desempeñará a Secretaría e non terá dereito a voto, e dúas persoas expertas no ámbito audiovisual, das cales unha exercerá a Presidencia.

O mesmo artigo recolle que a condición de membro da comisión ten carácter persoal e non permite actuar por delegación nin por substitución en ningún caso.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

En base ao exposto,



RESOLVO:

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o seu artigo 14, terá a seguinte composición:

- Persoas expertas no ámbito audiovisual

Aldara Rodríguez Pagán, en calidade de Presidencia da Comisión
Jara Yáñez Sancho, en calidade de vogal

- En representación da Axencia das Industrias Culturais

Jaime Pena Pérez, en calidade de vogal
María Dolores Meijomín Rodríguez, en calidade de secretaria da comisión

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director da Agadic
Jacobó Sutil Nesta

